



## Acta de reunión

Órgano convocado	XEFACTURA DE DEPARTAMENTO						
Lugar de reunión	LABORATORIO DO DEPARTAMENTO DE MADEIRA			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	16	Data	27/06/2018	Hora inicio	09:30	Hora remate	11:00
Moderador/a	VICTORIANO TOMÉ CASTRO						
Secretario/a							
Propósito	Xuntanza de departamento						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Victoriano Tomé Castro</li> <li>▪ María Luz Lorenzo Crespo</li> <li>▪ Isidoro Dios Rodiño</li> <li>▪ José Manuel Miguez Santos</li> <li>▪ José Manuel del Valle Couto</li> <li>▪ Gumersindo Couso Boulosa</li> <li>▪ José Jorge Alvariñas Villaverde</li> <li>▪ Vicente Cortizo Blanco</li> <li>▪ Javier Tomé Castro</li> <li>▪ José Luis López Dasilva</li> <li>▪ Juan Carlos Garrido Álvarez</li> </ul>						

## Temas tratados

### 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Enviouse por correo electrónico o borrador da acta número 15, ninguén se opón o contido da acta e apróbase por unanimidade.

### 2. Seguimento das programacións.

Pregúntase os profesores se unha vez pechado o seguimento da programación, cumpriron a programación nunha porcentaxe superior o 80%, todos os profesores contestan afirmativamente.

### 3. Informe do xefe de departamento.

O Xefe de departamento transmite información relativa a diferentes aspectos:

#### Oferta educativa e cupo de profesorado curso 2019-20

A oferta educativa para o curso 2018-19 e a seguinte: Ciclo Medio de Instalación e amoblamento (réxime modular), Ciclo medio de Carpintería e Moble, Ciclo superior de Deseño e amoblamento, Ciclo básico de Carpintería e moble.

O cupo que se vai a solicitar e o mesmo que o ano anterior, 4 profesores de secundaria e 8 profesores técnicos, segundo o establecido no *Anexo\_01\_Cupo\_madeira\_2019-20*.

## Sistema de extracción de po no taller 02

Hai unha previsión de que o sistema de extracción de po sexa instalado no mes de xullo de 2019.

### 4. Informe de compras.

O Xefe de departamento fai unha exposición da xestión das compras durante o período Xaneiro-Xuño. Aмосa unha táboa en formato excel que detalla os gastos realizados durante este período. Fai unha análise do orzamento, as partidas asignadas, as compras pendentes e a dispoñibilidade económica de cara o comezo do curso 2019-20.

### 5. Inventario.

O inventario foi revisado no último trimestre do curso. Detectáronse ausencias de ferramenta manual, polo que se valora a posibilidade de cambiar o sistema de acceso a ferramenta manual.

### 6. Planificación do curso 2019-20.

#### Previsión de mínimos comezo curso 2018-19

Amósase unha táboa (*Anexo\_02\_Previsión\_de\_mínimos\_2019\_20*), onde se detallan os mínimos de material para os diferentes módulos. Non hai achegas a esta previsión.

### 7. Análise dos resultados da avaliación final.

#### *Valoración do réxime ordinario*

Das memorias finais de ciclo extráense os seguinte resultados:

CARMO	PRIMEIRO	SEGUNDO
	Promocionan 7 de 12 alumnos	Titulan 16 de 17 alumnos
porcentaxe	58 %	94 %
INSAMO	PRIMEIRO	SEGUNDO
		Titulan 7 de 16 alumnos
porcentaxe		44 %
DESEAMO	PRIMEIRO	SEGUNDO
	Promocionan 6 de 7 alumnos	Titulan 8 de 10 alumnos
porcentaxe	86%	80%

Non se analiza o a Fp básica porque a avaliación final realízase no mes de setembro.

#### *Valoración do réxime modular*

No réxime modular a interpretación se fai sobre os módulos, xa que, este alumnado se matricula por módulos soltos e non por curso completo, como sucede no réxime ordinario. Os datos son os amosados na seguinte táboa:

RÉXIME MODULAR		
NOME DO MÓDULO	ALUMNOS AVALIADOS	ALUMNOS APROBADOS
Control de almacén	4	4
Formación y orientación laboral	4	4
Materiais en carpintería e moble	7	6
Operacións básicas de carpintería	6	5
Operacións básicas de moblaxe	6	6
Solucións construtivas	5	3
Empresa e iniciativa emprendedora	7	7
Formación en centros de traballo	3	3
Instalación de carpintería	4	4
Instalación de estruturas de madeira	4	4
Instalación de moblaxe	4	4
Planificación da instalación	4	4

Finalizado o curso titulan 3 alumnos do ciclo de Insamo-Modular.

## 8. Propostas de mellora.

As principais propostas de melloras reflectidas nas memorias fan referencia a falta de equipamentos mínimos, a continuación se numeran as principais:

- Realización de prácticas reais da construción de estruturas e escaleiras en vez de realización de maqueta.
- Mellorar os equipos informáticos e a instalación eléctrica.
- Necesidade de dispor de equipamento de prensado de tipo pneumático e hidráulico para armar módulos, así como, máis espazos físicos para realizar a instalación dunha cociña, mobles modulares e mobles exentos.
- Necesidade de dispor dunha calibradora.
- Completar maquinaria existente no taller, e substituír a que non cumpre normativa, construír espazos para a instalación de carpintería, instalación de estruturas e instalación de mobles.
- Equipar o departamento cunha célula de fabricación.
- Mellorar os equipos informáticos e a instalación eléctrica.
- Necesidade de dispor de lixadora calibradora, para que o alumnado a saiba empregar.
- Necesidade de dispor de lixadora calibradora, aplastadora de envases, recicladora de disolventes, así como, de equipamento a escala de laboratorio como vernizadora de cortina, rodillos, ultravioleta, durómetro, brillómetro, etc.



### 9. Seguimento dos obxectivos do departamento.

Se amosa a táboa dos obxectivos do departamento e o nivel de cumprimento. Finalizado o curso 2018-19 dos 5 obxectivos propostos inicialmente na programación foron cumpridos 4.

### 10. Seguimento dos acordos adoptados.

Se amosa a táboa de acordos adoptados e a situación de cada un deles. En total se contabilizan 26 acordos. 2 están proceso pendentes de ser rematados e 2 están programados para o curso 2019-20.

### 11. Rolda de intervencións.

Varios profesores toman a palabra para comentar que de cara o curso 2019-20 se emprendan actividades para recuperar o ciclo medio de INSAMO.

Igualmente varios profesores solicitan que se faga publicidade dos ciclos mediante cuñas publicitarias.

José Manuel Míguez comenta que se é posible se compre un pirograbador.

### 12. Memoria do departamento do curso 2018-19.

Enviouse borrador da memoria do departamento por correo electrónico. Tras as achegas realizadas durante os últimos días o xefe de departamento fai unha exposición dos principais puntos.

### 13. Aprobación da acta desta reunión.

Redáctase a presente acta, lese e apróbase por unanimidade.

Ás 12:00 horas remata a reunión e levántase sesión.

### Acordos

- Realizar unha cuña publicitaria na radio: Xefe do departamento.

### Anexos

- *Anexo\_01\_Cupo\_madeira\_2019-20*
- *Anexo\_02\_Previsión\_de\_mínimos\_2019\_20*

Visto e prace moderador

Victoriano Tomé Castro

